




Febreiro torto cos seus  
vinteito, se dura dous días  
mais non queda can nin ghato

14- FEBREIRO: SAN VALENTÍN  
17- FEBREIRO: ENTROIDO  
23- FEBREIRO: DÍA DE ROSALÍA



CAMIÑO DE SANTIAGO  
PROXECTO DE CENTRO

Lecturamos

LECTURAMOS  
O BLOGUE DA  
BIBLIOTECA E EDL

# MARE MAGNUM

## San Valentín



O 14 de febreiro celebrámos o día de San Valentín cunha recompilación de cartas de amor que distintos personaxes reais escribiron ás persoas que máis amaban. Puidemos ler na exposición, e escoitar na voz do alumnado de Artes Escénicas, as palabras que Napoleón lle dedicou a Josefina, ou as que Frida Kahlo lle dedicou a Diego Rivera, entre outros exemplos. Trátase dun día moi especial para moitos, onde se resalta a importancia do amor e que, a pesar da crenza da súa orixe comercial, vén de moito antes. Concretamente do século III en Roma e a morte de Valentín, un sacerdote sentenciado por celebrar en segredo matrimonios de mozos namorados.

Ademáis, poderíase dicir que Cupido é o símbolo máis importante de San Valentín; é

representado como un neno con ás e arco con frechas que son disparadas ás parellas provocando que se namoren profundamente. Cupido é o deus do desexo romántico. O mito narra que dispón de frechas de dúas clases: unha concede o amor e a outra, provoca o esquecemento. Por iso dise que Cupido pode armar e desarmar parellas. Era fillo de Venus, deusa do amor, e Marte, deus da guerra.



Na cafetería...



### Cartas de amor

Lecturamos



[https://anchor.fm/lecturamos/episodes/  
Cartas-de-amor-e1uol2u](https://anchor.fm/lecturamos/episodes/Cartas-de-amor-e1uol2u)

Neste día Nerea, Hugo, Laura, Enar, Nagore e Martín gravaron o seu primeiro podcast co novo equipo de radio do centro (Radio na Biblio), unha experiencia moi positiva que esperamos poidan repetir pronto. Mentre, o centro estaba decorado con arranxos florais e referencias a este día.



Arranxos florais por San Valentín de FP

MARE MAGNUM

*“Tú para mí, yo para ti, bien mío  
—murmurábais los dos—*

*“Es el amor la esencia de la vida,  
no hay vida sin amor”.*

*Qué tiempo aquel de alegres armonías!...  
Qué albos rayos de sol!...*

*Qué tibias noches de susurros llenas,  
qué horas de bendición!*

*qué aroma, qué perfumes, qué belleza  
en cuanto Dios crió,  
y cómo entre sonrisas murmurábais:*

*“No hay vida sin amor!”  
(Rosalía de Castro )*

Antía, Clara, Gabriel, Teba e Uxía

# Entroido

Este ano o entroido estivo organizado por parte do alumnado de I Bach, aos que felicitamos polo seu ben facer e implicación. Antía, Clara, Gabriel, Teba e Uxía, coa colaboración de Martín (4 ESO) presentaron un festival no que os distintos grupos do centro participaron con propostas moi imaxinativas nas que destacaron os grupos de I Bach e FP. Pola súa banda o profesorado tamén colaborou no espectáculo presentando un desfile "agro-fashion" e distintos disfraces más ou menos arriscados.



MARE MAGNUM

*De concursos e froitas*

Hai moitos tipos de alumnos. Dependendo da clasificación atopámonos con tipoloxías en función do tipo de aprendizaxe ao que responden mellor (visual, conceptual, lóxico-matemático...), ou nos atopamos con tipoloxías en función do seu rol en clase (pelota, líder, desafiante, pasota, lumbreira...). Coñecémonos todos. Pero, cal é o tipo que predomina no noso centro? Polo que podemos supoñer en base a feitos recentes temos alumnos que non responden a estímulos externos directos (pouco participativos se a proposta non suma directamente na nota; por suposto en caso de ausencia de propostas habería protestas do tipo "neste instituto non se fai nada"), alumnos que pensan que todo o que hai no centro é utilizable por eles sen ningún tipo de limitación (o clásico "lo que hay en España es de los españoles" e se o material estrágase por un mal uso pois...) e alumnos que non senten ningún tipo de vínculo co centro (por tanto pódese ensuciar sen remorsos, total...). Por suposto non todos son iguais, en moitos casos a boa educación está moi presente. Pero a pregunta é: poderíamos facer algo os profesores para aumentar a participación deses bos alumnos en actividades que non reciben unha cualificación directa? E a reflexión circunscribese á primeira tipoloxía de alumnos citada anteriormente porque obviamente os bos alumnos non andan apropiándose de materiais que non son seus ou ensuciando a diestro y siniestro. É falta de interese, de motivación, falta de información, son demasiados estímulos, as propostas non son atractivas? Se cadra o noso alumnado está angustiado baixo montañas de traballos e deberes e non teñen tempo libre para participar noutras iniciativas... (neste caso a culpa é directamente dos profesores). O caso é que así se están a perder oportunidades de espremer o bo facer, a creatividade e a fantasía de alumnos que, en moitos casos, poden ser extraordinarios.

## *Reto Camiño inglés*

<p><b>ED 11 DE DICIEMBRE AL 15 DE FEBRERO</b></p> <p><b>TERCER - BETANZOS</b></p> <p><b>ALUMNADO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Inés Fernández VIEGO</li> <li>• Ángela Armento VIEGO</li> <li>• Paula Gómez VIEGO</li> <li>• María Pintor VIEGO</li> <li>• Raquel Pérez VIEGO</li> <li>• Irati González VIEGO</li> <li>• Cristina Pérez VIEGO</li> <li>• Raquel Pérez VIEGO</li> <li>• Mónica Casado VIEGO</li> <li>• Quirina Casal VIEGO</li> <li>• Desirée Martínez VIEGO</li> <li>• Beatriz Pérez VIEGO</li> <li>• HaciendoPunto PERICO</li> <li>• Hugo Raya PERICO</li> <li>• Esteban CIRIACI PERICO</li> <li>• Camilo Pérez IBERÁCH</li> </ul> <p><b>BETANZOS</b></p> <p><small>Algunos de los profesores y personal que han participado en la elaboración de este número:</small></p> <p><b>PERSONAS QUE ACABARON EL 1º RETO.</b></p> <p><b>EQPO DOCENTE E NON DOCENTE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ofelia Casares</li> <li>• Fausto Gómez</li> <li>• Beatriz Gómez</li> <li>• Olalla Vilas</li> <li>• Rita Fernández</li> <li>• Merche Arce</li> <li>• Zenaida Arce</li> <li>• Raquel Orea</li> <li>• Paqui Carreño</li> <li>• JUAN DE LA NEGRA</li> <li>• Nuria Vázquez</li> <li>• LARA VILLALBA</li> <li>• Mercedes Corrales</li> </ul> <p><b>FAMILIARES</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Raquel Pérez</li> <li>• María-José Pérez</li> <li>• Aida Cortizo</li> <li>• Rocío Barrio</li> <li>• Pedro Pérez</li> <li>• Raquel López</li> <li>• Carmela Pérez</li> <li>• Pilar Gómez</li> <li>• Beatriz Gómez</li> <li>• Juan Carlos</li> </ul>	 <p><b>EDUCACIÓN EN FAMILIA</b></p> <p><b>Revista de Orientación Familiar</b></p> <p><b>www.educacionenfamilia.com</b></p>
--	---

Agora podemos  
unirnos ao  
segundo reto.  
Ánimo!

## 23 de febreiro: Día de Rosalía

Rosalía De Castro naceu un 23 de febreiro de fai 186 anos. Ata o de agora o seu día celebrábase o 24 deste mes. O cambio prodúcese despois de que a filóloga Sagrario Abelleira revelase unha documentación que acredita que a autora de *Follas Novas* e *Cantares Gallegos* nacería o 23 de febreiro de 1837. Esta documentación atopouse no expediente matrimonial de Rosalía de Castro e Manuel Murguía. Ambos casaron en Madrid no ano 1858 e entre os papeis desa ligazón figura unha declaración de 1843 feita pola nai de Rosalía na que indica que a autora naceu o 23 de febreiro. Ata o de agora celebrouse o día 24 porque se sabía que esa era a data do seu bautismo. Rosalía de Castro é unha figura fundamental para a lingua e a cultura galega. Ela publicou a primeira gran obra impresa en galego, *Cantares gallegos*. Foi o 17 de maio de 1863, e por iso o *Día das letras galegas* celébrase todos os anos nesta data. A súa obra supuxo a recuperación da conciencia galeguista.



### Mural

Este é o primeiro boceto do mural para conmemorar a Rosalía que fixo o alumnado de Debuxo artístico de I Bach. Agora toca plasmar na parede elexida a imaxe final. Participan Carolina, Marta, Lorena, Elsa, Noelia e Pablo (I Bach).



### Cafetería



Na cafetería tamén lembran a Rosalía  
(feito por Paula Riobó)


MARE MAGNUM

## Podcast: Lendas do Camiño

Lendas do Camiño de Santiago  
Daniela e Mishelle relatan catro lendas relacionadas co Camiño de Santiago

<https://anchor.fm/lecturamos/episodes/Lendas-do-Camio-de-Santiago-e1vebek/a-a9cr1b9>

## Arte no Camiño




### Catedral de León

A más pura das catedrais de góticofrancés en España. A planta segue o modelo da de Reims (Francia) ainda que de menores proporcións. Se avanzamos desde a entrada oeste atopámonos cun plano de tres naves, durante cinco tramos, que se amplía a cinco naves para facer un gran cruceiro, ao que segue unha cabeceira cunha girola á que abren as capelas hexagonais. Como característica hispana, as torres están fóra de planta, o que non ocorre nas catedrais francesas, nin na de Burgos. Nela existe un excepcional conxunto de vidreiras e importantísima variedade de escultura gótica.



## Roteiro: Xeografía poética de Mugardos

O luns 27 de febreiro o alumnado de 3 ESO fixo un roteiro por Mugardos para conmemorar o día de Rosalía. A asociación cultural Apelón Educación levounos polo pobo e, da man da poesía de Rosalía, descubrimos lugares con moita historia, acompañados dun grupo de gaiteiros e moito frío. Pasamos polo Concello e no mural de Rosalía o alumnado deixou a súa pegada. Rematamos preto do centro cunha breve lectura de poemas de Rosalía.



## Radio na Biblio

Sabías que podes seguir as noticias de actualidade na canle de YouTube do centro? Cada martes sigue en directo o programa "Mugardos salvaje" de Miguel Gil

